

## UGT INTERPÓN CONFLICTO COLECTIVO EN DEFENSA DA DURACIÓN DO CONTRATO DE TODO O ANO DO PERSOAL QUE TIÑA SUSPENDIDO O CONTRATO CON SEAGA

Santiago de Compostela 26/07/2022

**UGT** ven de interpoñer **conflicto colectivo** en procura do defendido na negociación da OPE de estabilidade coa Empresa **SEAGA**.

Durante esa **negociación** coa Empresa e logo no ámbito da Mesa Xeral de persoal empregado público, no momento da aprobación da **OPE extraordinaria** ligada á **Lei 20/2021**, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e publicada en DOG por medio do DECRETO 79/2022, do 25 de maio, o pasado 30 de maio de 2022, **UGT anunciaba que:**

Previsiblemente, dita **OPE non aclaraba a realidade dos postos a ofertar**, en tanto que non se identifican claramente aqueles postos afectados pola **disposición adicional oitava** da norma estatal, que regula: *“Adicionalmente, os procesos de estabilización contidos na disposición adicional sexta incluírán nas súas convocatorias as prazas vacantes de natureza estrutural ocupadas de forma temporal por persoal cunha relación, desta natureza, anterior ao 1 de xaneiro de 2016.”*

Entende **UGT** que en aplicación da Lei 20/2021, **deben ser ofertados**, acolléndose a esta disposición **os últimos postos cubertos de xeito temporal á entrada en vigor da citada norma**.

**Non procede**, polo tanto, **querer ou pretender burlar a norma reincorporando ao persoal a un contrato anterior** que se mantíña **suspendido** de mutuo acordo entre as partes, **evitando así convocar as prazas de todo o ano** ao abeiro dos **procesos selectivos** polo sistema de **concurso** que deben desenvolverse en SEAGA.

Esperamos acadar unha solución xusta para o persoal, e ligada á literalidade na norma ditada polo Lexislador.